


EDUCACIÓN INFANTIL

INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS DOS NOVOS ALUMNOS



CEIP "RAMÓN CABANILLAS"

CURSO 2013-2014

Estimadas familias:

A incorporación por 1º vez á escola de Infantil dos nenos e nenas de 3 anos supón un gran cambio nas súas vidas (un lugar estrano, con persoas descoñecidas, moitos nenos ...).

Por iso é importante que haxa unha estreita colaboración entre familia /escola para que esta incorporación sexa a mellor posible.

O PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Neste período non todos os nen@s van reaccionar igual, cada neno/a desenvolve os seus mecanismos de defensa ou oposición: choran, berran, patexan, un día están ben, outro non, algúns non quererán marchar... cada caso requerirá unha atención diferenciada por parte das docentes.

De aí a importancia de que esta incorporación á escola sexa gradual e cun horario reducido, que se irá incrementando ata que xa a finais de setembro poida estar todo o grupo.

A continuación expoñémosvos algunas ideas que podedes levar a cabo durante o verán para que o voso fillo ou filla veña contento ao noso centro:

1º ESTAR TRANQUILOS

Amosar unha actitude serea e tranquila de cara á separación que supón a escolarización.

Non transmitirles medo, angustia, inquietude ou inseguridade

Amosar tranquilidade diante deles
O COLEXIO É UN LUGAR AGRADABLE




* **MANDILÓN:**

- aberto por diante e con botóns
- con cinta elástica para colgalo (20 cm aproximadamente)
- con nome visible para que as persoas poidan dirixirse ao neno/a polo seu nome.

* **MERENDAS**

- suixerinos para cada día un tipo de alimento distinto.
- evitar os líquidos no 1º trimestre
- mandarles servilleta, papel de cociña, manteliño...
- para beber un botellín de auga



* **UNHA MOCHILA DE TAMAÑO MEDIO** para colgar na espalda, e sen rodas, para traer a merenda, levar mandilón, notas...

* **CUMPREANOS**

Na reunión de ciclo ca titora comentará a organización dos mesmos

- **LISTA DE MATERIAL.** Expoñerase na entrada do colexi o e Entrégarase no centro o día 6 de Setembro ás 11h

E REUNIÓN COAS TITORAS DÍA 6 ÁS 11:30

RECOMENDACIÓN E NORMAS

* **ASISTENCIA E PUNTUALIDADE** nas entradas e saídas

- Non alarguedes o momento da separación e deixar aos nenos sós coas profes
- Durante o Período de Adaptación tod@s entran e saen pola porta principal
- En horario normal todos entran polo portalón do patio e os que vaian andando ás súas casas sairán pola principal.

* **ROUPA CÓMODA**

- vestídeos con roupa que poidan quitar e poñer con facilidade
 - con goma na cintura
 - sen cintos, botóns, petos ou tirantes
 - marcar a roupa habitual co nome na etiqueta e colocade unha cinta elástica
 - cando necesiten cambiarse chamarase á casa,,ensinaralles a sacar a roupa.
- * **CALZADO** con velcro , sen cordóns

* **PSICOMOTRICIDADE.** O día que teñan psicomotricidade deberán traer chándal e calzado deportivo

* **COMEDOR.** Calquera cambio hai que comunicarilo ao centro e os encargados do comedor, así como os que queiran comer un día determinado

* **CARNÉ DO AUTOBÚS.**Cada neno/a terá que traer un carné do bus co número de ruta e unha cinta. Deberán traelo todos os días.

* **COMUNICAR AS ENFERMIDADES**

* **NON MANDAR AOS NENOS/AS ENFERMOS Á CLASE** e comunicar ao cole as faltas prolongadas.



2º SER POSITIVOS

Manifestar actitudes positivas respecto ao colexio e os docentes: falarllas de como é, dos xoguetes que hai, do patio, dos amigos cos que vai xogar...
Esto fará que perciba o colexio como un lugar **SEGUNDO E PRÓXIMO**

3º SOMOS MAIORES

Non facer comentarios negativos sobre a escola, non ameazalo con que o van castigar.
Transmitirllles a importancia de ir ao cole, eso fai que se vexan
MAIORES

4º XOGUETES

Durante o período de adaptación poderá traer un xoguete se lle axuda a estar máis tranquila



5º CUESTIONARIO

Facilitar toda a información á mestra que poida ser de interese e sirva para coñecer mellor aos nenos
Nos primeiros días de setembro facilitarase un **CUESTIONARIO** para cubrir toda esa información

Un dos aspectos más importantes no nivel de 3 anos son os **HÁBITOS**, consideramos moi convinte ensinarllles hábitos de autocoidado e autonomía persoal, esto fainos sentirse más seguros.

CONTROL DE ESFÍNTERES

Deberanse eliminar os cueiros durante o verán
Ter autonomía no WC
ensinarllles a ir sós/as ao baño, roupa cómoda, con gomas



COMIDA


É importante que mastiquen ben os alimentos
Que sexan capaces de comer sós/as
agarrar ben unha culler, abrir unha botella de auga, abrir un iogur...
Comer todo tipo de alimentos: froitas, lácteos....E importante estar sentados mientras comen ou merandan

A roupa cómoda, para que a poida subir e baixar sen problemas
Xa poden ir comezando a vestirse sós/as, a poñer o abrigo, abrir e pechar a mochila...
Poñer e quitar o calzado...

VESTIDO

HIXIENE E ASEO

Convén inicialos nos hábitos de aseo:
lavar as mans, abrir e pechar o grifo,
enxabonarse, secarse...
Usar un pano para soarse o nariz...



SONO

Respectar as horas de descanso e sono.
Comezar a deitarse cedo, durmir as horas suficientes para estar descansado e poder seguir o ritmo da escola

OUTROS HÁBITOS

Acostumalos a evitar as situacíons de perigo: enchufes, lugares altos, agarrarse ao subir e baixar escaleiras
Saudar e despedirse, dar as grazas..
Xogar con outros nenos e recoller os xoquetes...

¡CARAMBA,
NÓS
ESCUCHAN!



FRUTOS

Amosar interese polo traballo do voso fillo/a, conversar con eles, escoitar o que vos contan, interesarse polo traballo que fixo durante o día..

Falarlle con vocabulario axeitado, nomeando as cousas correctamente.

Revisade a diario a mochila por se leva notas...

FAVORECEDE SEMPRE A SÚA AUTONOMÍA

Para resolver calquera dúbida que vos xurda, ou aclarar algún incidente falade sempre coa titora do voso fillo ou filla.

Un cordial saúdo

Equipo de Educación Infantil

DÍA DE ATENCIÓN A PAIS: Martes de 17:30/ 18:30
(pedir cita previa)

Tfno: 981 54 31 83